

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 3 DE MAIO DE 2023

Ás 09:10 horas do día 3 de maio de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 27 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 2 e 4)
D^a. Pilar Carneiro Miniño, xefa do Servizo de Xuventude (asiste aos puntos 5a, 6a e 7)
D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 5b e 6b)
D^a. María Dapena Gómez, xefa da Área de RRHH e Formación (asiste aos puntos 5c, 6c, 10b e 11c)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste ao punto 11a)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste ao punto 11b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5.162-611)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a FCC AQUALIA, S.A. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Outorgar un prazo de tres días a SERVEI D'ENSENYAMENT I ASSESSORAMENT ESPORTIU, S.A. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Concretamente deberá presentar novamente o DEUC do licitador así como dos tres terceiros a cuxa solvencia recorre (ACTIVITATS D'ESPORTS, GESTIÓ I SALUT, S.L. -ADEGIS-, SERVEI D'ENSENYAMENT I ASSESSORAMENT ESPORTIU, S. A. e SEAESITGES, S.L.) no que respondan a todos os motivos de exclusión recollidos na parte III (o motivo relacionado coa "corrupción" non foi contestado).

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5.162-611)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou conceder un prazo a un dos licitadores presentados para a emenda da documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Xuventude o 27 de abril de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor", así como o informe que corrixe o anterior de data 3 de maio de 2023.

A Mesa acepta, por unanimidade, o segundo dos informes e acorda excluír deste procedemento aos seguintes licitadores por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP ("aqueles licitadores que non acaden unha puntuación mínima de 22,5 puntos no conxunto dos criterios



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 06:55	Páxina 2 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A242-5FCBD9-4B3551-XUVZHX-8WWGJT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



avaliables mediante xuízo de valor serán excluídos da licitación”):

- LEONARDO BRANDAO RODRÍGUEZ (lotes 1, 2, 3, 8, 10 e 11)
- SERVIPLUSTOTAL, S.L (lote 13)

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social o 21 de abril de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (1.573-2202)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais e a xefa da Área de RRHH e Formación o 21 de abril de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

LOTE 1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 06:55	Páxina 3 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A242-5FCBD9-4B3551-XUVZHX-8WWGJT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 06:55	Páxina 4 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A242-5FCBD9-4B3551-XUVZHX-8WWGJT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Redución do prezo de cada un dos lotes	Realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco	Monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos
1	DANIELA ALVITE WAISMAN	28.604,00 €	si	non
2	ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	32.560,00 €	si	si
3	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L.	30.490,37 € (sen IVE)	si	si
4	SERVIPLUSTOTAL, S.L	30.456,21 € (sen IVE)	si	non
5	SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.	27.412,00 €	si	si
6	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.U.	30.995,63 € (sen IVE)	si	si

LOTE 2

	Licitador	Redución do prezo de cada un dos lotes	Realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco	Monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos
1	ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	32.560,00 €	si	si
2	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L.	29.895,01 €	non	si
3	SERVIPLUSTOTAL S.L	30.456,21 € (sen IVE)	si	non
4	SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.	27.412,00 €	si	si

LOTE 3

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Redución do prezo de cada un dos lotes	Realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco	Monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos
1	ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	32.560,00 €	si	si
2	SERVIPLUSTOTAL S.L	30.456,21 € (sen IVE)	si	non
3	SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.	27.412,00 €	si	si

LOTE 4

	Licitador	Redución do prezo de cada un dos lotes	Realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco	Monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos
1	ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	41.200,00 €	si	si
2	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L.	39.953,76 €	non	si
3	KOREMI REHABILITACIÓN SL	39.305,71 € (sen IVE)	si	si
4	SERVIPLUSTOTAL S.L	40.426,91 € (sen IVE)	si	non
5	SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.	36.432,00 €	si	si

LOTE 5

	Licitador	Redución do prezo de cada un dos lotes	Realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco	Monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos
1	SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.	43.032,00 €	si	si
2	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA SLU	49.048,10€ (sen IVE)	si	si



LOTE 6

	Licitador	Redución do prezo de cada un dos lotes	Realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco	Monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos
1	SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.	32.208,00 €	si	si
2	TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA SLU	36.536,95 € (sen IVE)	si	non

LOTE 7

	Licitador	Redución do prezo de cada un dos lotes	Realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco	Monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos
1	DANIELA ALVITE WAISMAN	37.935,00 €	si	non
2	ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	41.200,00 €	si	si
3	KOREMI REHABILITACIÓN SL	39.305,71 € (sen IVE)	si	si
4	SERVIPLUSTOTAL S.L	40.426,91 € (sen IVE)	si	non
5	SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.	36.542,00 €	si	si

LOTE 8

	Licitador	Redución do prezo de cada un dos lotes	Realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco	Monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos
1	ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	32.560,00 €	Si	si
2	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L.	30.110,08 €	non	si
3	SERVIPLUSTOTAL S.L	30.456,21 €	si	non



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Redución do prezo de cada un dos lotes	Realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco	Monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos
		(sen IVE)		
4	SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.	27.742,00 €	si	si
5	TIERRA Y MAR MULTI AVENTURA SLU	30.995,63 €	non	non

LOTE 9

	Licitador	Redución do prezo de cada un dos lotes	Realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco	Monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos
1	ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	32.560,00 €	si	si
2	SERVIPLUSTOTAL S.L	40.426,91 €	si	non
3	SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.	36.322,00 €	si	si

LOTE 10

	Licitador	Redución do prezo de cada un dos lotes	Realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco	Monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos
1	ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	32.560,00 €	si	si
2	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L.	30.110,08 €	non	si
3	SERVIPLUSTOTAL S.L	30.456,21 €	si	non
4	SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.	27.742,00 €	si	si
5	UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SL E CERQUIÑO S. COOP. GALEGA	33.550,00 €	si	si



LOTE 11

	Licitador	Redución do prezo de cada un dos lotes	Realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco	Monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos
1	ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ	32.560,00 €	si	si
2	SERVIPLUSTOTAL S.L	30.456,21 €	si	non
3	SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.	27.742,00 €	si	si

LOTE 12

	Licitador	Redución do prezo de cada un dos lotes	Realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco	Monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos
1	SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.	54.868,00 €	si	si

LOTE 13

	Licitador	Redución do prezo de cada un dos lotes	Realización dunha saída ou excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco	Monitor con formación ou experiencia en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores dos esixidos como medios persoais mínimos
1	UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SL E CERQUIÑO S. COOP. GALEGA	38.500,00 €	non	si

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP agás ELISA ESTÉVEZ RODRÍGUEZ.

Asisten á apertura D. Xosé Antón Fernández Rojo, con DNI **.80.90*, en representación de UTE XÉRMOLO-CERQUIÑO; e D. Rubén Martínez Novo, con DNI **.25.75*, en representación de TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 06:55	Páxina 8 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A242-5FCBD9-4B3551-XUVZHX-8WWGJT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



1. Conceder un prazo de 3 días a ELISA ESTÉVEZ RODRÍGUEZ para que presente o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- e na cláusula 14.2.C) do PCAP para cada un dos lotes aos que se presentou.
2. Solicitar informe sobre as proposicións avaliadas a través de fórmula ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliada mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo ofertado	Incremento do horario anual
1	EULEN SEGURIDAD, S.A.	245.886,65 €	150h.
2	SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.	71.323,42 €	150h.

Os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (1.573-2202)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliada mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Plans de autoprotección redactados conforme ao RD 393/2007 polo/a técnico/a que se adscriba a execución do contrato nos últimos 10 anos:	Normas de actuación en caso de emerxencia de centros realizados polo/a técnico/a que se adscriba a execución do contrato nos últimos 10 anos	Formación adicional en xestión de emerxencias e plans de autoprotección do/a técnico/a que se adscriban a execución do contrato	Habilitación como director de seguridade privada polo Ministerio do Interior do/a técnico/a asignado/a para a execución do contrato
1	PEDRO MURCIEGO DELGADO	227.849,21 €	43	20	416	si



O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP así como documentación acreditativa dos criterios avaliábeis a través de fórmula que deberá comprobar o servizo xestor.

Non asiste público á apertura.

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e a cláusula 18.1.b do PCAP, constátase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3:

	Licitador	Redución do prezo	Plans de autoprotección redactados conforme ao RD 393/2007 polo/a técnico/a que se adscriba a execución do contrato nos últimos 10 anos:	Normas de actuación en caso de emerxencia de centros realizados polo/a técnico/a que se adscriba a execución do contrato nos últimos 10 anos	Formación adicional en xestión de emerxencias e plans de autoprotección do/a técnico/a que se adscriban a execución do contrato	Habilitación como director de seguridade privada polo Ministerio do Interior do/a técnico/a asignado/a para a execución do contrato
1	PEDRO MURCIEGO DELGADO	35	20	10	5	10

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliábeis mediante xuízo de valor (19,75 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	PEDRO MURCIEGO DELGADO	19,75	80,00	99,75

Por último, a Mesa acorda, por unanimidade, solicitar ao servizo xestor informe sobre a documentación acreditativa dos criterios avaliábeis a través de fórmula esixida no apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa "Verán xove: actividades de conciliación familiar" (9.643-336)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Xuventude do 3 de maio de 2023, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade e sobre a documentación acreditativa dos criterios avaliábeis a través de fórmula.

A Mesa acepta o referido informe e acorda:

- Conceder un prazo de 3 días a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.U. para que poida emendar a documentación acreditativa dos criterios avaliábeis a través de fórmula mediante a presentación de "certificados de formación, ou



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 06:55	Páxina 10 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A242-5FCBD9-4B3551-XUVZHX-8WWGJT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



contrato de traballo e vida laboral, ou calquera outra documentación que acredite estes extremos”, segundo se indica no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.

- Iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as ofertas dos lotes que se indican están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:
 1. SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (lotes 1, 2, 3, 4, 5, 7, 8, 10 e 11)
 2. ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (lote 9)

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e realización do programa “Verán xove: actividades de conciliación familiar” (9.643-336)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou iniciar o procedemento de xustificación de baixas con valores anormais ou desproporcionados con dous dos licitadores.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (1.573-2202)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (1.573-2202) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	PEDRO MURCIEGO DELGADO	99,75 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PEDRO MURCIEGO DELGADO (76-708.878-Z), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.



11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo, actualización-mantemento de licenzas CITRIX e VEEAM BACKUP (10.056-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación informa que o 26 de abril de 2023 se requiriu ao licitador clasificado en primeiro lugar, EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L., a emenda da documentación acreditativa da solvencia técnica, en cumprimento do acordado pola Mesa de Contratación na sesión do 25 de abril de 2023.

O 2 de maio de 2023, durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación. Despois de ser revisada pola Mesa de Contratación constátase que a solvencia técnica acreditada resulta insuficiente tendo en conta os requisitos esixidos na cláusula 8.8.3º do PCAP ("Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do prezo do contrato [...]).

Á vista do anterior procede solicitar a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar, OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, S.L., en cumprimento do previsto no artigo 150.2 da LCSP.

Os membros presentes declaran non ter conflito de intereses co segundo clasificado.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade:

"Requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, S.L. (B-15.834.872), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.210-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 06:55	Páxina 12 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A242-5FCBD9-4B3551-XUVZHX-8WWGJT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.210-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de limpeza de Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 12/12/2022, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 20/12/2022 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación da limpeza de Colexios Públicos e Escolas Municipais.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 19.420.303,31 € (16.049.937,45 € máis 3.370.465,86 € en concepto de IVE a soportar pola administración) para a contratación do servizo de limpeza de Colexios Públicos e Escolas Municipais por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.0000 "Limpeza colexios", que se dividirá nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2023 (de maio a decembro): 2.330.436,40 euros;
- Anualidade 2024 (de xaneiro a decembro): 3.884.060,66 euros,
- Anualidade 2025 (de xaneiro a decembro): 3.884.060,66 euros,
- Anualidade 2026 (de xaneiro a decembro): 3.884.060,66 euros,
- Anualidade 2027 (de xaneiro a decembro): 3.884.060,66 euros e
- Anualidade 2028 (de xaneiro a abril): 1.553.624,27 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en 17.632.195,64 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de abril de 2023 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 06:55	Páxina 13 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A242-5FCBD9-4B3551-XUVZHX-8WWGJT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Primeiro.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación de data 13 de abril de 2023 polo que se exclúe deste procedemento a CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I - FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.210-332) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ONET IBERIA SOLUCIONES, S.A.U.	88.00
2	SERVICIOS INDUSTRIALES REUNIDOS, S.A.U.	71.79
3	UTE NORTEX OUTSOURCING GLOBAL, S.L. - NORINTEGRA, S.L.	67.60

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ONET IBERIA SOLUCIONES, S.A.U. (A-47.379.235), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ONET IBERIA SOLUCIONES, S.A.U., o día 20 de abril de 2023, que presenta a documentación requirida o 25 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 3 de maio de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 06:55	Páxina 14 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A242-5FCBD9-4B3551-XUVZHX-8WWGJT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ONET IBERIA SOLUCIONES, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ONET IBERIA SOLUCIONES, S.A.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 3 e 14 de abril de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación de data 13 de abril de 2023 polo que se exclúe deste procedemento a CLN SERVICIOS INTEGRALES, S.L por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*
2. *Adxudicar a ONET IBERIA SOLUCIONES, S.A.U. (A-47.379.235) o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.210-332) por un prezo total de 17.970.925,01 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.118.920,87 euros:*
 - *O importe total da parte fixa (servizos ordinarios limpeza) é de 17.697.155,81 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.071.407,21 euros.*
 - *O importe máximo da parte variable (limpezas baixo demanda) é de 273.769,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 47.513,66 euros, e cunha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP do 52,58%.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".



c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo de vixilancia da saúde para o persoal do Concello de Vigo por parte dun Servizo de Prevención Alleo (expediente 1533/2202).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato, elaborado polo Servizo de Contratación con data de sinatura electrónica de 21/09/2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por un importe de 747.488,25€ (exento de IVE) de acordo ás seguintes anualidades:

- Ano 2023: 186.872,06 euros
- Ano 2024: 249.162,75 euros
- Ano 2025: 249.162,75 euros
- Ano 2026: 62.290,69 euros

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo contemplados na aplicación 2210.1600800 "Asistencias médica do persoal" do orzamento de gastos do Concello de Vigo.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- En data 18 de novembro de 2022, D. Jorge Juan González Cuenca, en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 06:55	Páxina 16 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A242-5FCBD9-4B3551-XUVZHX-8WWGJT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



nome e representación de PREVISIONOR, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen a licitación do presente procedemento.

Terceiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 16 de decembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

"1º.-Tomar razón da Resolución nº 221/2022 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 209/2022, interposto por PREVISIONOR, S.L. contra os pregos da contratación dun servizo de prestación da especialidade da vixilancia da saúde de todo o persoal do Concello de Vigo, expediente 1533-2202 do Concello de Vigo.

Na mesma o TACGAL inadmite o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

- 1. Inadmitir o recurso interposto por PREVISIONOR, S.L. contra os pregos da contratación dun servizo de prestación da especialidade da vixilancia da saúde de todo o persoal do Concello de Vigo, expediente 1533-2202 dese Concello.*
- 2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.*

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación e continuar coa tramitación do mesmo."

Cuarto.- En data 13 de decembro de 2022, D. Jorge Juan González Cuenca, en nome e representación de PREVISIONOR, S.L., solicita que o órgano de contratación declare a nulidade de pleno dereito do expediente, pois na súa opinión, os pregos contradixen o ordenamento xurídico e producen un efecto lesivo para o administrado por canto atentan contra os dereitos dos traballadores adscritos á prestación do servizo. Así mesmo, alega que a inadmisión do recurso por extemporáneo débese a que no anuncio de licitación fixouse como data de interposición do recurso contra os pregos o 18 de novembro, data na que se interpuxo o recurso.

Quinto.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 12 de xaneiro de 2023, acorda o seguinte:

"1º.- Inadmitir a solicitude de nulidade do procedemento aberto do servizo de vixilancia da saúde, presentada o 13 de decembro de 2022 por D. Jorge Juan González Cuenca, en nome e representación de PREVISIONOR, S.L., por non estar incluídos as causas de nulidade alegadas entre as previstas nos artigos 39 da LCSP e 47.1 da LPAC.

2º.- Non procede a petición de ditame do Consello Consultivo por canto estas non se baseen nalgunha das causas de nulidade do artigo 47.1 da LPAC."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 06:55	Páxina 17 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A242-5FCBD9-4B3551-XUVZHX-8WWGJT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sexto.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 26 de xaneiro de 2023, acorda o seguinte:

"Adxudicar a IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. (B-27.222.827) o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1533-2202) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 627.023,49 euros, estando exento de IVE.*
- b) *Incrementa a experiencia do/a DUE a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (5 anos) en 1 ano de experiencia.*
- c) *Incrementa a experiencia do/a médico/a a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (6 meses) en 3 anos e 6 meses de experiencia.*
- d) *Comprométese a achegar os seguintes protocolos propios de vixilancia sanitaria específica para os riscos nos que non existan protocolos de vixilancia sanitaria específica aprobados polo Ministerio de Sanidade:*
 - o *Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a condución de vehículos.*
 - o *Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a realización de traballos en altura e traballos verticais.*
 - o *Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a tenencia e uso de arma de fogo do persoal da Policía Local.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno, a oferta presentada e a súa valoración".

Sétimo.- Con data do 14 de febreiro de 2023 QUIRÓN PREVENCIÓN SL interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo de adxudicación deste procedemento.

Oitavo.- Mediante resolución nº 47/2013, do 16 de marzo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL) estimou parcialmente o recurso interposto por QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L. A Xunta de Goberno local na sesión do 23 de marzo de 2023 adoptou o seguinte acordo:

"1º.-Tomar razón da Resolución nº 47/2023 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 32/2023, interposto por QUIRÓN PREVENCIÓN SL contra a adxudicación da contratación titulada "A prestación da especialidade de Vixilancia da Saúde de todo o persoal do Concello de Vigo", expediente 1533-2202. Na mesma o TACGAL estima parcialmente o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Estimar parcialmente o recurso interposto por QUIRÓN PREVENCIÓN SL contra a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 06:55	Páxina 18 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A242-5FCBD9-4B3551-XUVZHX-8WWGJT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



adjudicación da contratación titulada "A prestación da especialidade de Vixilancia da Saúde de todo o persoal do Concello de Vigo", expediente 1533-2202 dese Concello.

2. Levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP.

3. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de retrotraer as actuacións do expediente ao momento de valoración do sobre C e tendo en conta a resolución 47/2023 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia".

Noveno.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de abril de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Único.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación
1	IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.	95,00 puntos
2	QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.	87,48 puntos
3	PREVISONOR, S.L.	77,62 puntos
4	GEROSALUD, S.L.	52,45 puntos

Dado que a orde de clasificación non variou respecto da clasificación acordada o 19 de decembro de 2022, previa á resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia 47/2023, do 16 de marzo, e este procedemento xa fora adjudicado a IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. por ter presentado correctamente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP, non procede esixirlle novamente a documentación".

Décimo.- A Mesa de Contratación na sesión do 20 de xaneiro de 2023 acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 06:55	Páxina 19 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A242-5FCBD9-4B3551-XUVZHX-8WWGJT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Comprobado que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. como a solicitada de oficio pola Administración municipal é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de data 24 de abril de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. (B-27.222.827) o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1533-2202) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 627.023,49 euros, exento de IVE.*
- b) *Incrementa a experiencia do/a médico/a especialista en medicina do traballo a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (5 anos) en máis de 15 anos de experiencia.*
- c) *Incrementa a experiencia do/a DUE a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (5 anos) en máis de 15 anos de experiencia.*
- d) *Comprométese a achegar os seguintes protocolos propios de vixilancia sanitaria específica para os riscos nos que non existan protocolos de vixilancia sanitaria específica aprobados polo Ministerio de Sanidade*
 - o *Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a conducción de vehículos.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 06:55	Páxina 20 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A242-5FCBD9-4B3551-XUVZHX-8WWGJT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- o *Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a realización de traballos en altura e traballos verticais.*
- o *Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a tenencia e uso de arma de fogo do persoal da Policía Local.*

e) *Incrementa a experiencia do/a médico/a a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (6 meses) en máis de 3 anos de experiencia.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno, a oferta presentada e a sua valoración”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14:30, logo dun receso entre as 10:25 e as 14:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 06:55	Páxina 21 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A242-5FCBD9-4B3551-XUVZHX-8WWGJT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		